

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2025 pola que se acorda a apertura dun novo prazo para a presentación de solicitudes para a cobertura de prazas e bolsas vacantes no procedemento regulado pola Orde do 21 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D) e convocado mediante Resolución do 5 de xuño de 2025 pola que se procede á convocatoria de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D), Diario Oficial de Galicia número 118, do 23 de xuño de 2025, para o curso académico 2025/26.

O 4 de xuño de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 105 a Orde do 21 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería (códigos do procedemento BS303B, BS303C e BS303D).

O 5 de setembro de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 171 a Resolución do 28 de agosto de 2025, da Dirección Xeral de Xuventude, pola que se dá publicidade ás resolucións de adxudicación de prazas e concesión de bolsas nas residencias xuvenís ao abeiro da Orde do 21 de maio de 2025 pola que se determinan as bases reguladoras para a concesión de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería e da Resolución do 5 de xuño de 2025 pola que se convocan para o curso académico 2025/26 (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D).

O artigo 16.3, da Resolución do 5 de xuño de 2025 pola que se procede á convocatoria de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependente desta consellería, dispón que, esgotadas as listas de espera e para o caso de existiren prazas vacantes en todos ou nalgún dos procedementos e residencias previstas na convocatoria, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes para a cobertura das prazas ou bolsas vacantes.

En consecuencia, tendo en conta o número de prazas que quedaron vacantes nas residencias xuvenís galegas e a alta demanda de prazas que segue a haber por parte das persoas estudantes e traballadoras, cómpre abrir un novo prazo de presentación de solicitudes para cubrir esas prazas vacantes.

CVE-DOG: cl7h5zv7-wg91-v4f4-gfs6-kpqog53lr9t3



Por todo o anterior, en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:**Artigo 1. *Apertura de prazo***

Abrir de novo un prazo para a presentación de solicitudes de prazas e bolsas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso académico 2025/26 (códigos de procedemento BS303B, BS303C e BS303D).

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

Artigo 2. *Prazas convocadas*

O número de novas prazas convocadas en residencias xuvenís e a súa distribución por residencias é o seguinte:

Concello	Residencia	Nº prazas BS303B (persoas estudantes non bolseiras)	Nº prazas BS303C (persoas estudantes colaboradoras bolseiras)	Nº prazas BS303D (persoas traballadoras)	Total
Lugo	Centro Residencial Xuvenil LUG	3	1	6	10
Ourense	Florentino López Cuevillas	2	0	0	2

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 21.5.2025; DOG nº 105, do 4 de xuño)
Lara del Carmen Meneses Álvarez
Directora xeral de Xuventude

